

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de febreiro de 2020**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 18.00 horas do día 19 de febreiro de 2020, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. Pablo Pérez Pérez

**Deputados/as do Grupo Popular:**

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Aurentino Alonso Araújo

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

**Deputado de Democracia Ourensana:** D. José Miguel Caride Domínguez

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa

**Secretario:** D. Francisco Cacharro Gosende

**Interventor:** D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 22 DE XANEIRO DE 2020.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de xaneiro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 22 de xaneiro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO E MELLORA INTEGRAL NA OU-0214 OUTOMURO-VILAVIDAL”, ENTRE OS PUNTOS QUILOMÉTRICOS 4+710 E 5+000, N.º 110/POS/2019, NO TERMO MUNICIPAL DE RAMIRÁS**

O Sr. secretario expón o contido da moción.

**D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista**, di que nos anos precedentes se executaron distintos tramos desta estrada por importe de 60.000,00 € cada un, e agora execútase un tramo de 290 metros cun orzamento de 48.396,27 €, e pide que se faga un esforzo para concluír a obra de reparación desta estrada porque ao ritmo que imos levará vinte anos rematala, destacando a importancia deste viario porque permite aos veciños de Cartelle o traslado a Celanova, necesario para acceso aos servizos de todo tipo.

**D. Pablo Pérez Pérez, presidente da Comisión**, di que a Deputación Provincial ten 1.892 quilómetros de estradas e que polo tanto hai que facer o reparto como se poida, porque non se pode chegar a toda as estradas ás que sería necesario, e engade que en todo caso se tentará impulsar esta obra nos vindeiros anos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de Democracia Ourensana (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o proxecto técnicos da obra de “acondicionamento e mellora integral na OU-0214 Outomuro-Vilavidal”, entre os puntos quilométricos 4+710 e 5+000, n.º 110/POS/2019, no termo municipal de Ramirás, así como o anexo de expropiacións, no que se inclúe o plano parcelario e a relación de bens e dereitos afectados polo devandito proxecto.

2º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22, parágrafo quinto, da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

3º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras de “acondicionamento e mellora integral na OU-0214 Outomuro-Vilavidal”, entre os puntos quilométricos 4+710 e 5+000, n.º 110/POS/2019, no termo municipal de Ramirás, para os efectos da expropiación forzosa tramitada por esta Deputación, de conformidade co reflectido no cadro seguinte e de acordo co previsto no citado artigo da Lei de estradas de Galicia.

| N.º expediente | Polígono | Parcela | Referencia catastral | Propietario                         | Cualificación       | M2 exprop. |
|----------------|----------|---------|----------------------|-------------------------------------|---------------------|------------|
| 1              | 229      | 7       | 32069A229000070000OJ | Theresa Selas                       | Piñeiral madeirable | 324,21     |
| 2              | 229      | 6       | 32069A229000060000OI | Herminia Vázquez Lorenzo            | Piñeiral madeirable | 582,31     |
| 3              | 229      | 5       | 32069A229000050000OX | Elina Mosquera                      | Piñeiral madeirable | 82,14      |
| 4              | 229      | 4       | 32069A229000040000OD | Manuel González Mosquera            | Piñeiral madeirable | 89,48      |
| 5              | 229      | 3       | 32069A229000030000OR | María Celina Mosquera Suárez        | Piñeiral madeirable | 146,57     |
| 6              | 229      | 2       | 32069A229000020000OK | Herdeiros de Juana Freijoso Vázquez | Piñeiral madeirable | 83,45      |

4º.- Publicar e notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

### **3º.- PRÓRROGA DA ASUNCIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DA ASUNCIÓN DOS SERVIZOS MÍNIMOS DO CONCELLO DOS BLANCOS.**

O Sr. **secretario** expón o contido da proposta.

**D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista**, di que lle chama a atención que a diferenza do sucedido nos exercicios 2018 e 2019, no ano 2020 o Concello dos Blancos solicitou un investimento no Plan provincial (obras nas piscinas municipais) en lugar de acollerse á subvención para gasto corrente ou amortización de débeda que o propio Plan provincial prevé para os concellos en situación de insuficiencia financeira.

**Don Pablo Pérez Pérez, presidente da Comisión**, di que se trata dunha decisión do Concello dos Blancos, e cando se acordou esta intervención quíxose manter un equilibrio entre o cumprimento das condicións do Plan de axuste e o mantemento da autonomía municipal.

**D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía**, manifesta que os veciños dos Blancos non teñen a culpa da mala xestión dos gobernos municipais anteriores.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de Democracia Ourensana (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Solicitarlle ao Consello da Xunta de Galicia a prórroga, ata o 14 de marzo de 2022, da autorización de asunción pola Deputación Provincial de Ourense da prestación dos servizos mínimos obrigatorios do Concello dos Blancos, conferida por acordo do Consello de 1 de febreiro de 2020.

### **4º.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DAS EIVAS DO PLAN DE TRANSPORTE DA XUNTA DE GALICIA**

**D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG**, expón o contido da moción.

**D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía**, anuncia a súa reserva de voto xa que ten que estudar o asunto, pero anuncia que é probable que formule algunha emenda de modificación porque non cre correcto o uso de determinadas expresións que aparecen na moción.

**D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana**, concorda coa Sra. Lama en canto á inadecuación de termos como “autocomplacencia” no punto 1º.

**D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista**, di que concorda co espírito da moción, en especial coa necesidade de establecer tarifas máis accesibles para os usuarios economicamente máis débiles.

**D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG**, di que no seu caso non tería problema en substituír o termo “autocomplacencia” por outro, pero en todo caso é a palabra que mellor define a actitude da Xunta de Galicia neste asunto.

**D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana**, cre que a solución aos problemas non pasa por facer cualificacións de comportamentos políticos na parte dispositiva dos acordos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), e a abstención do Grupo Popular (5), de Democracia Ourensana (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que abandone a súa actitude de autocomplacencia que trata de ocultar os moitos e graves problemas do transporte interurbano, e que dialogue tanto coas empresas como cos concellos, para así corrixir as eivas de frecuencias, horarios e prazas, así como o resto de disfuncións detectadas.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a habilitar unha mesa de diálogo entre Xunta, Deputación de Ourense e concellos para posibilitar a existencia de microbuses que vertebren os concellos.

3º.- Instar á Xunta de Galicia a que os problemas tarifarios xerados pola propia Xunta sexan pagados pola Xunta de Galicia e non pola veciñanza da provincia de Ourense. Polo tanto, que a Xunta de Galicia compense dos seus propios orzamentos os incrementos destes billetes nas liñas da provincia de Ourense.

4º.- Instar á Xunta de Galicia a ampliar de xeito inmediato a gratuidade do transporte aos menores de 21 anos da provincia de Ourense.

5º.- Instar á Xunta de Galicia a habilitar información nas paradas e estacións de buses, e introducir no novo portal web información a respecto dos descontos.

## **5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O PLAN MARCO DA XUNTA DE GALICIA PARA A MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS**

**D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista**, expón o contido da moción.

**D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía**, di que a falta de dispor de maior información, o seu grupo formulará unha emenda xa que está de acordo co punto primeiro pero no co segundo.

**D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG**, di que non entende que o Plan marco, un plan obxectivo e equitativo, se puidese reducir na súa contía cando xa era un plan moi pequeno, pero en todo caso cre que a Deputación non debe asumir competencias da Xunta de Galicia, e malamente pode poñer fondos neste asunto cando non ten capacidade, nin sequera, para asumir a reparación das vías provinciais.

**D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista**, explica que, en todo caso, o punto segundo da moción é subsidiario do punto primeiro.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3), e a abstención do Grupo Popular (5), de Democracia Ourensana (1), de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a non recortar o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021.

2º.- Instar á Deputación de Ourense a que, no caso de que a Xunta de Galicia manteña o recorte, lles achegue aos concellos da provincia os fondos suprimidos do plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas.

**6º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista**, pregunta polo estado en que se encontra a expropiación para a obra da estrada de acceso a San Vicente de Leira.

**Don Pablo Pérez Pérez, presidente da Comisión**, explica que se estaba pendente da resolución, por parte da Xunta de Galicia, dun recurso contra a aprobación do proxecto do trazado, xa que diso depende a validez da expropiación, respecto ao que ten entendido que xa está resolto. En todo caso, dille ao señor Alonso Araújo que ten o expediente á súa disposición na Sección de Expropiacións, e que neste complexo asunto a Deputación segue a

traballar e avanzamos a bo ritmo. Indica ademais que neste asunto se están a dicir moitas cousas sobre a situación de illamento do pobo de San Vicente, e comenta que ten constancia, por exemplo, de que o pasado 7 de febreiro unha ambulancia medicalizada chegou ata o pobo (comentando que hai moitos pobos de Galicia onde ese tipo de ambulancias non poden chegar directamente polo seu tamaño ás casas do pobo).

**D. Aurentino Alonso Araújo** di que en todo caso o pobo de San Vicente está dividido en dous barrios, e o barrio de abaixo si está mal comunicado, e o acceso se ten que facer a través dunha serie de pistas en moi mal estado, destacando ademais que neste asunto a responsabilidade de garantir o acceso pasóuselle ao concello de Vilamartín, e os veciños o que piden é que a estrada da Deputación se repare e, aínda que se corte ao tráfico, se permita o acceso en caso de emerxencia; indica ademais que agora mesmo se queren facer obras no barrio de abaixo e non é posible facelas porque os vehículos de obras non poden acceder.

**D. Pablo Pérez Pérez** di que responderá a esa proposta cando remate a sesión. Di tamén que houbo varias propostas dos veciños que se estudaron, gastando 38.000 euros en estudos xeolóxicos, e non resultaron viables, e engade que se segue a manter un servizo de taxi para o pobo dende hai tres anos, e que se axudou económica e tecnicamente ao concello de Vilamartín na conservación e mantemento dos viarios municipais que dan acceso ao pobo. Insiste na complexidade do problema, e di que para a solución teñen que colaborar todas as administracións implicadas, e haberá que ir xuntos a tocar portas e pedir cartos.

**Dona Rosario Rodríguez Delgado** de que orzamento se está a falar

**D. Pablo Pérez Pérez** explica que da orde de 13 millóns de euros

**D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG**, pregunta sobre se hai data prevista para que a Deputación Provincial coloque ou entregue os filtros para o arsénico da auga en Castrelo de Miño.

**Don Pablo Pérez Pérez, presidente da Comisión**, di que ese tema se falou co concello e que a Deputación Provincial adquirirá eses filtros (actualmente están en licitación) que se instalarán en Castrelo de Miño e retiraranse cando se resolva o problema, podendo reutilizarse noutros concellos que o necesiten.

**D. Bernardo Varela López** di que se van instalar unhas biondas na estrada OU – 0304, que é unha estrada cuxa ampliación se solicitou de forma reiterada, e formula un rogo para que se realice en todo caos a ampliación, porque segue a ser necesaria aínda que se coloquen as biondas.

**Don Pablo Pérez Pérez** di que o alcalde xa estivo coa directora da Área de Infraestruturas, e que xa lle explicou que existía unha dotación no orzamento de 2019 para as biondas, e que no 2020 está previsto realizar actuacións de mellora do firme e da seguridade da estrada, o que non quita para que se acometa cando se poida o ensanche da estrada, que non obstante é unha obra moi complicada polo seu trazado

**D. Bernardo Varela López** di que nunha recente reunión na Subdelegación do Goberno a Deputación e o Ministerio de Fomento puxéronse de acordo en que había que transferir estradas aos concellos, por razóns de seguridade viaria, e di que os concellos non poden asumir esa carga e que son os titulares das estradas os que teñen que facer as obras para mellorar a seguridade dos tramos.

**D. José Miguel Caride Domínguez** di que estivo nesa reunión e non se acordou iso, e que foi unha simple recomendación da Xefatura de Tráfico.

**D. Bernardo Varela López** di que lle chama a atención que nesa reunión se puxera como exemplo a estrada OU – 0108 que pasa por Allariz, respecto da cal o concello presentou un proxecto á Deputación en 2016, comprometéndose a asumila unha vez arranxada pola Deputación, e ao día da data non se executo e no plan provincial deste ano figura no plan complementario e cunha contía insuficiente. Formula por isto un rogo para que se retome ese proxecto, e para que no seu caso as posibles transferencias aos concellos de tramos urbanos de viarios doutras administracións, isto se faga de forma consensuada.

E, ás 19.05 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará de forma electrónica. Dou fe.